

1. Identificación da programación

1.1 Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023466	IES Lamas de Abade	Santiago de Compostela	2023-2024

1.2 Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CM19001	Coidados Auxiliares de Enfermaría	Medio	Proba libre

1.3 Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
CM0311	Técnicas de Axuda Odontolóxica e Estomatolóxica	1º	6	130	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración.

1.4 Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	Verónica Martínez Rodríguez; Estela Gómez Canabal; Belén Rey Nimo
Outro profesorado	

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1 Primeira parte da proba

2.1.1 Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo (*)
<ul style="list-style-type: none">▪ Identificar os diferentes tipos de materiais dentais segundo o seu uso específico.▪ Analizar os procedementos técnicos necesarios para a preparación e conservación de materiais dentais que permitan a utilización ou aplicación directa polo facultativo.▪ Describir e manexar adecuadamente os compoñentes do equipo dental para colaborar nos procesos de atención bucodental.▪ Identificar o instrumental dental e realizar a súa preparación, limpeza, desinfección e esterilización.▪ Executar as técnicas de prestación de apoio ao facultativo durante a actuación bucodental segundo as instrucións recibidas.▪ Valorar as necesidades de cuidados físicos e psicolóxicos e seleccionar a técnica de apoio máis adecuada segundo o tipo de paciente.▪ Clasificar os distintos tipos de anestésicos utilizados en odontoloxía e describir o protocolo a seguir en situacións de urxencia.▪ Preparar o material e colocar o paciente para realizar a técnica radiográfica segundo o tipo de exploración.▪ Explicar as normas de protección radiolóxica e utilizar os elementos de radioprotección.

(*) No caso de módulos profesionais ao abeiro da LOXSE, capacidades terminais elementais

2.1.2 Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
<ul style="list-style-type: none">▪ Recoñece as estruturas craniofaciais.▪ Recoñece as estruturas dentarias e anexas.▪ Recoñece os tipos de dentición e explica as súas características.▪ Coñece os diferentes sistemas de codificación dental.▪ Identifica estruturas e rexistra alteracións dentais básicas nun odontograma.▪ Explica a biomecánica mastigadora e a oclusión dental.▪ Distingue entre as distintas maloclusións dentais (anteroposteriores, transversais, verticais, por anomalías dentarias...).▪ Distingue as patoloxías bucodentais básicas.▪ Coñece indicacións, materiais, instrumentos e procedementos de selado de fosas e fisuras.▪ Describe as partes dun cepillo dental.▪ Explica a composición e os tipos de presentación dos dentífricos.▪ Explica as técnicas de cepillado convencional, eléctrico e interdental.▪ Describe a técnica de aplicación do fio dental.▪ Explica os tipos de cepillos dentais e as súas indicacións.▪ Define e coñece as indicacións, contraindicacións e posibles efectos adversos dos colutorios.▪ Explica a técnica de limpeza da lingua.▪ Explica a técnica de revelado de placa bacteriana oral empregando un revelador líquido ou en comprimido.▪ Entende as formas de aplicación do flúor para reducir a probabilidade de carie dental.▪ Enumera as funcións de cada profesional da saúde bucodental.▪ Explica a importancia de gardar o segredo profesional.

- Explica o consentimento informado.
- Describe as partes dunha ficha ou historia clínica dental.
- Enumera os factores ambientais axeitados na consulta dental.
- Describe os tipos de gabinete bucodental.
- Describe as partes que compoñen un sillón dental.
- Describe e manexa adecuadamente os compoñentes do equipo dental para colaborar nos procesos de atención bucodental.
- Entende a aplicación da teoría do reloxo no gabinete bucodental.
- Explica a postura equilibrada e as posicións de traballo no gabinete bucodental.
- Explica as bases ergonómicas para a acomodación dun paciente no sillón dental.
- Explica as bases ergonómicas para a acomodación do persoal auxiliar e do operador.
- Describe a técnica básica de transferencia de material e/ou instrumental dental, tanto para operadores zurdos coma destros.
- Describe a técnica de rotación completa para a transferencia de instrumental dental, tanto para operadores zurdos coma destros.
- Describe a técnica de transferencia simultánea de dous instrumentos dentais, tanto para operadores zurdos coma destros.
- Describe a técnica de intercambio de dous instrumentos dentais, tanto para operadores zurdos coma destros.
- Describe a técnica de transferencia de instrumentos rotatorios, tanto para operadores zurdos coma destros.
- Describe a técnica de transferencia de instrumental articulado, tanto para operadores zurdos coma destros.
- Describe a técnica de transferencia de pinzas preparadas con material, tanto para operadores zurdos coma destros.
- Describe a preparación e transferencia de materiais dentais (en pó, líquido ou pasta), tanto para operadores zurdos coma destros.
- Describe a técnica de aspiración de fluídos.
- Coñece as manobras de iluminación do campo operatorio en distintas situacións.
- Clasifica e describe os instrumentos empregados no gabinete bucodental.
- Explica o mantemento do instrumental rotatorio.
- Recoñece o instrumental de man necesario para a exploración bucodental.
- Recoñece o material necesario para o illamento do campo operatorio.
- Clasifica os distintos tipos de anestésicos utilizados en odontoloxía.
- Recoñece e explica os materiais e instrumentais empregados nos procedementos bucodentais máis frecuentes: obturación, endodoncia, exodoncia, cirurxía, periodoncia, ortodoncia e implantoloxía.
- Recoñece e explica os materiais e instrumentais empregados nos procedementos bucodentais máis frecuentes: obturación, endodoncia, exodoncia, cirurxía, periodoncia, ortodoncia e implantoloxía.
- Recoñece os materiais de impresión e baleirado.
- Describe os signos/síntomas de alarma ou indicadores de complicacións postoperatorias e sabe aplicar medidas preventivas.
- Describe o protocolo a seguir en situacións de urxencia.
- Distingue entre radioloxía analóxica/convencional e dixital e razoa as vantaxes desta última.
- Describe os equipos de radioloxía empregados na clínica dental.
- Identifica tipos e propiedades das películas radiográficas.
- Explica as técnicas de proxección radiográficas intraorais e extraorais.
- Coñece os procedementos de revelado, fixado, selado, conservación e arquivo das películas radiográficas.
- Explica os efectos das radiacións ionizantes sobre o organismo.
- Explica as normas de protección radiolóxica e describe os elementos de radioprotección.
- Distingue os conceptos de asepsia e antiseptia.
- Distingue os conceptos de limpeza, desinfección e esterilización.
- Distingue entre desinfectante e antiséptico, e sabe poñer exemplos de cada un deles.
- Explica as normas de hixiene persoal e as precaucións universais.
- Recoñece os elementos de protección que poden empregarse nunha clínica dental.

- Coñece as indicacións e a colocación dos elementos de protección.
- Explica os protocolos de limpeza, desinfección e esterilización de superficies, equipos, instrumental de man e rotatorio...
- Explica a xestión dos residuos xerados nunha clínica dental.

2.2 Segunda parte da proba

2.2.1 Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo (*)
<ul style="list-style-type: none">▪ Identificar os diferentes tipos de materiais dentais segundo o seu uso específico.▪ Analizar os procedementos técnicos necesarios para a preparación e conservación de materiais dentais que permitan a utilización ou aplicación directa polo facultativo.▪ Describir e manexar adecuadamente os compoñentes do equipo dental para colaborar nos procesos de atención bucodental.▪ Identificar o instrumental dental e realizar a súa preparación, limpeza, desinfección e esterilización.▪ Executar as técnicas de prestación de apoio ao facultativo durante a actuación bucodental segundo as instrucións recibidas.▪ Valorar as necesidades de cuidados físicos e psicolóxicos e seleccionar a técnica de apoio máis adecuada segundo o tipo de paciente.▪ Clasificar os distintos tipos de anestésicos utilizados en odontoloxía e describir o protocolo a seguir en situacións de urxencia.▪ Preparar o material e colocar o paciente para realizar a técnica radiográfica segundo o tipo de exploración.▪ Explicar as normas de protección radiolóxica e utilizar os elementos de radioprotección.

(*) No caso de módulos profesionais ao abeiro da LOXSE, capacidades terminais elementais

2.2.2 Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
<ul style="list-style-type: none">▪ Emprega os diferentes sistemas de codificación dental.▪ Identifica estruturas e rexistra alteracións dentais básicas nun odontograma.▪ Dramatiza unha charla de educación para a saúde bucodental.▪ Simula as técnicas de cepillado, a aplicación do fio dental e a limpeza da lingua.▪ Prepara o material necesario para a aplicación do revelador de placa bacteriana por un profesional.▪ Simula a aplicación de flúor tópico.▪ Cobre e busca información nunha ficha ou historia clínica dental.▪ Simula a acomodación dun paciente no sillón dental, sexa para traballar en maxilar superior coma no inferior.▪ Simula a acomodación da TCAE segundo a localización do dentista/hixienista.▪ Simula a tranferencia do material e/ou instrumental na técnica a catro ou seis mans.▪ Simula a técnica básica de transferencia de material e/ou instrumental dental, tanto para operadores zurdos coma destros.▪ Simula a técnica de rotación completa para a transferencia de instrumental dental, tanto para operadores zurdos coma destros.▪ Simula a técnica de transferencia simultánea de dous instrumentos dentais, tanto para operadores zurdos coma destros.▪ Simula a técnica de intercambio de dous intrumentos dentais, tanto para operadores zurdos coma destros.▪ Simula a técnica de tranferencia de instrumentos rotatorios, tanto para operadores zurdos coma destros.▪ Simula a técnica de transferencia de instrumental articulado, tanto para operadores zurdos coma destros.▪ Simula a técnica de transferencia de pinzas preparadas con material, tanto para operadores zurdos coma destros.

- Simula a preparación e transferencia de materiais dentais (en pó, líquido ou pasta), tanto para operadores zurdos coma destros.
- Simula a aspiración de fluídos e o mantemento do grupo hídrico.
- Aplica correctamente as manobras de iluminación do campo operatorio en distintas situacións.
- Monta e desmonta o instrumental rotatorio.
- Prepara o instrumental necesario para a exploración bucodental.
- Prepara e dispensa o material necesario para o illamento do campo operatorio.
- Simula a preparación e transferencia da xiringa de anestesia, tanto para operadores zurdos coma destros.
- Distingue, manipula e conserva correctamente os distintos materiais e instrumentos utilizados nos procedementos bucodentais máis frecuentes: obturación, endodoncia, exodoncia, cirurxía, periodoncia, ortodoncia e implantoloxía.
- Prepara o material e instrumental dos procedementos bucodentais máis frecuentes: obturación, endodoncia, exodoncia, cirurxía, periodoncia, ortodoncia e implantoloxía.
- Prepara materiais de impresión e de baleirado.
- Simula as técnicas de proxección radiográficas intraorais e extraorais.
- Selecciona e prepara material para a realización de técnicas radiográficas intraorais, extraorais e especiais.
- Coloca o tubo e posiciona paciente segundo a técnica radiográfica prescrita.
- Simula os procedementos de revelado, fixado, selado, conservación e arquivo das películas radiográficas.
- Aplica as normas de hixiene persoal e as precaucións universais.
- Aplica, cando é necesario, os elementos de protección.
- Realiza adecuadamente a limpeza, desinfección e esterilización de superficies, equipos, instrumentos...
- Elimina correctamente os residuos xerados nunha clínica dental.

3. Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Son mínimos esixibles son os que veñen recollidos no RD 546/1995, de 7 de abril (BOE do 5 de xuño de 1995), e no Decreto 61/1999, do 18 de febreiro (DOG do 22 de marzo de 1999), polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en coidados auxiliares de enfermaría, e que se corresponden cos criterios de avaliación recollidos nos apartados 2.1.2 e 2.2.2 desta programación didáctica.

A probas libres do módulo constan dunha primeira proba teórica e unha segunda proba práctica. Cada unha delas terá carácter eliminatorio, de forma que, de non superar a primeira proba, non se realizará a segunda. A primeira proba será unha proba escrita, composta de preguntas tipo test e/ou preguntas abertas. Na segunda proba cada cuestión se valorará segundo o indicado no enunciado de cada pregunta, e consistirá na resolución de varios supostos prácticos (simulación na aula-taller e/ou pregunta aberta). As persoas aspirantes deberán superar as dúas probas por separado.

A cualificación de cada proba será numérica, entre 1 (un) e 10 (dez), sen decimais (aplicarase o redondeo matemático). Será preciso un mínimo de 5 (cinco) puntos para superar cada proba e acadar a avaliación positiva do módulo. A cualificación final obtida para cada aspirante será numérica, entre 1 (un) e 10 (dez), sen decimais, correspondendo coa media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada en números enteiros e redondeada a unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación final que poderá asignarse será, como máximo, de 4 (catro) puntos.

INSTRUCCIÓNS XERAIS:

- 1- Rógase máxima puntualidade e infórmase que, unha vez comezada a proba, ninguén poderá acceder á aula.
- 2- Se algunha persoa aspirante necesita dun certificado de asistencia, solicitaraa ao profesorado antes de comezar a proba.
- 3- Será necesaria a identificación da persoa aspirante, mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar en todo momento sobre a mesa para a verificación por parte do profesorado.
- 4- Para o acceso á aula-taller onde se realicen as probas deberán apagarse todos os dispositivos electrónicos (smartphone, smartwatch...). O uso destes dispositivos durante a proba será motivo de expulsión.
- 5- Os bolsos, mochilas, libros, apuntamentos... gardaranse antes de comezar as probas, no lugar indicado polo profesorado.
- 6- Sobre a mesa, soamente estará permitido o material necesario e indicado para a realización dos exercizos, ademais do documento identificativo.
- 7- Poderase comezar o exame no mesmo intre en que sexa entregado. Pode haber varios modelos de exame, que se repartirán aleatoriamente entre as persoas aspirantes que se presenten ás probas.
- 8- Non está permitido o uso de lapis para marcar as respostas. Empregarase bolígrafo, de tinta azul ou negra, e poderase usar corrector (típex).
- 9- Escríbense con letra clara e lexible. As respostas ilexibles ou dúbidasas consideraranse incorrectas. Para contestar ás preguntas abertas non se permite o uso de siglas ou abreviaturas.

10- Non se pode solicitar ningunha aclaración, a ninguén, unha vez comezado o exame. Recoméndase ler detidamente o enunciado das preguntas, pois son suficientemente claras.

11- A persoa aspirante que sexa sorprendida copiando, falando ou molestando durante a realización das probas, será expulsada inmediatamente e obterá a calificación de 1 (un) punto.

12- Unha vez rematada a proba, cada aspirante entregará toda a documentación entregada e producida durante as probas (está prohibido sacar da aula calquera destes documentos) e abandonará a aula, respectando o silencio necesario para a realización da proba por parte do resto de persoas aspirantes.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.1 Primeira parte da proba

Resolución en tempo e forma dun cuestionario que incluírá preguntas tipo test (con varias alternativas de resposta, sendo só unha delas completamente correcta) e/ou preguntas abertas. Poden incluírse imaxes ou debuxos (de estruturas anatómicas, instrumental dental...).

As respostas incorrectas puntuarán negativo, cunha proporción 2:1 (é dicir, por cada dúas respostas erróneas anularase unha correcta).

As preguntas sen contestar non serán contabilizadas.

Para superar esta primeira proba haberá que acadar unha puntuación mínima de 5 (cinco) puntos, logo de descontar os erros.

As persoas aspirantes disporán dun máximo de 120 minutos para a súa realización.

O material necesario para a súa realización é bolígrafo.

Deberán cumprirse as instrucións xerais indicadas no apartado 3 desta programación didáctica.

4.2 Segunda parte da proba

Resolución en tempo e forma de varios casos prácticos a resolver na aula-taller (registro en odontograma, dramatización, simulación de técnicas, preparación de bandexas...).

Terase en conta, entre outros ítems, as habilidades na simulación do procedemento requirido; o seguimento das normas de seguridade e prevención de riscos biolóxicos; a limpeza e orde no traballo; o uso racional do material, instrumental e equipos; o correcto procesamento dos residuos xerados; o desenvolvemento dos protocolos requiridos...

Para superar esta proba haberá que acadar unha puntuación mínima de 5 (cinco) puntos.

As persoas aspirantes disporán dun máximo de 120 minutos para a súa realización.

O material necesario para a súa realización é bolígrafo e lapíceiros ou ceras de cores (verde, vermella, azul e negra).

Deberán cumprirse as instrucións xerais indicadas no apartado 3 desta programación didáctica.